



Recomendación dirixida ao Concello de Pontedeume para que respectando á autonomía local, verifique os niveis dos ruídos das campás do reloxo do concello en horario nocturno, e de ser o caso que os superen, dentro da súa capacidade organizativa e orzamentaria, ordene as correccións que resulten precisas para axustalos aos niveis de calidade acústica esixibles, acudindo, no seu caso, a vías de cooperación e adoptando as medidas que procedan

Expediente: C.8.Q/12166/24

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente a ruídos nocturnos cada 15 minutos do reloxo do Concello de Pontedeume.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos que:

*“Como residente afectado por el ruido nocturno del reloj del ayuntamiento, que suena cada 15 minutos, me veo en la necesidad de presentar una queja formal debido al impacto negativo que esto tiene en la calidad del sueño de los vecinos y en nuestro bienestar general. El sonido constante y repetitivo durante la noche interfiere con nuestro derecho al descanso y puede llevar a problemas de salud como estrés y fatiga, afectando nuestro rendimiento diario.”*

Segundo: A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese Concello de Pontedeume con data do 05/08/2024.



Terceiro: Logo dos requirimentos efectuados con datas do 16/09/2024, 11/12/2024, e 05/03/2024 recíbese nesta institución na data do 25/06/2024 un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

ASUNTO: REQUIRIMENTO DE INFORME SOBRE EXPEDIENTE DE QUEIXA FORMULADA POLO RUÍDO NOCTURNO DO RELOXO DO CONCELLO SITO NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL, RÚA REAL, 13 (s/ref. C.8.Q/12166/24).

Constan presentados no rexistro municipal do Concello de Pontedeume os seguintes escritos:

- Rexistro de entrada núm. 20249990000981 de día 26.05.2024 presentado por XXX, solicitando a regulación do horario do reloxosituado na casa Consistorial, por afectar á calidade do sono xa que o reloxosoa durante as horas nocturnas; para que non emita son en horas nocturnas.
- Rexistro de entrada núm. 202400000001931 de día 06.08.2024 presentado pola Valedora do Pobo, de admisión a trámite e promoción de investigación sumaria e informal para o esclarecemento da queixa presentada por XXX, residente afectado polo ruído nocturno do reloxosituado no Concello.
- Rexistro de entrada núm. 202400000001950 de día 08.08.2024 presentado pola Valedora do Pobo, de admisión a trámite e promoción de investigación sumaria e informal para o esclarecemento da queixa presentada por XXX, residente afectado polo ruído nocturno do reloxosituado no Concello.
- Rexistro de entrada núm. 202400000002186 de día 17.09.2024 presentado pola Valedora do Pobo, de recordatorio para emisión de informe por mor da queixa presentada por XXX, residente afectado polo ruído nocturno do reloxosituado no Concello.
- Rexistro de entrada núm. 202400000002924 de día 12.12.2024 presentado pola Valedora do Pobo, de recordatorio urxente para emisión de informe por mor



da queixa presentada por XXX, residente afectado polo ruído nocturno do reloxo do Concello.

- Rexistro de entrada núm. 20240000000372 de día 06.03.2025 presentado pola Valedora do Pobo, de recordatorio urxente para emisión de informe por mor da queixa presentada por XXX, residente afectado polo ruído nocturno do reloxo do Concello.

Logo do anterior, infórmase o seguinte:

O reloxo de Pontedeume é un elemento de gran valor patrimonial e histórico. Pontedeume é recoñecida entre os expertos na materia, como un dos berces da relojería galega e nacional, tal e como fai constar XXX, no seu Tratado de Reloxería; a tradición e existencia deste reloxo, forma parte dun legado que se remonta a máis de 500 anos. Dende Pontedeume saíron mestres reloxeiros como o mestre Jerónimo, artífice do reloxo do Convento de San Francisco de Betanzos en 1569; e moitos reloxos de institucións galegas teñen a súa orixe ou inspiración nestes traballos pioneiros; información que tamén nos traslada o avezado reloxeiro de Pontedeume XXX.

A torre e as campás onde está instalado o reloxo actual tamén é un patrimonio de valor, ao estar feita enteira de forxa no século XVII, o que lle confire unha singular beleza e importancia histórica.

Compre lembrar que durante séculos, este tipo de reloxos cumprían cunha función social e comunitaria moi importante, marcaban as horas para as actividades diarias, como o inicio e fin da xornada laboral, as horas de comida e as dos oficios relixiosos, especialmente as horas canónicas. Tamén se utilizaban para sinalar eventos importantes ou emerxencias, e nalgúns casos, para a administración de xustiza.

A aparición deste tipo de reloxos supuxo unha auténtica revolución social, pola introdución das horas modernas ou de reloxo, que son de igual duración independentemente da época do ano, posto que ata a súa aparición as antigas horas



solares variaban de duración ao longo do ano e o seu reconto iniciábase ao amencer e ao anoitecer.

Foi durante décadas o instrumento que organizou temporalmente a vida da nosa Vila, que co son das súas campás marcou as horas, nun tempo no que a cidadanía non dispoñía doutros elementos de medición do tempo. Moitas xeracións de veciños e veciñas conviviron co son deste reloxo sen ningún tipo de problema. Na actualidade o son do reloxo segue marcando as horas e moitos veciños e veciñas conviven con este son sen ningún tipo de problema.

O actual reloxo da torre da Casa do Concello, que leva funcionando ininterrompidamente dende hai máis de 50 anos, é un reloxo que adaptou o seu mecanismo ás características e ao son establecidos hai máis de 500 anos.

Realiza as labores de mantemento o reloxeiro de Pontedeume XXX, que podemos considerar que é na actualidade a persoa que máis coñece este elemento.

A pesar que a queixa presentada por XXX, non é compartida polo goberno municipal; consultouse a posibilidade de paralizar o toque da campá en horario nocturno ao reloxeiro encargado do seu mantemento; e indicou a imposibilidade de atender esa solicitude, posto que as características técnicas da maquinaria do reloxo non o permiten.

A actuación a realizar no reloxo para evitar o son nocturno, implicaría unha modificación profunda do mecanismo do reloxo, que ao seu parecer debería ser conservado no seu estado primixenio; un elevado custe económico, xa que non basta con desactivar un sistema, senón que sería necesaria a incorporación dun mecanismo electrónico novo que se sincronizase perfectamente co mecanismo do reloxo orixinal; integración que resulta tecnicamente moi difícil que podería comprometer o funcionamento e a autenticidade do reloxo.

Por todo isto, entendemos que privar á vila deste son, que forma parte da súa identidade e historia, cando este reloxo conserva o espírito e técnica tradicional, sería perder un símbolo cultural irremprazable.

Trátase dun son que en certo modo forma parte da idiosincrasia eumesa e da identidade do pobo, converténdoa na música viva máis antiga, máis alta e máis representativa da vida comunitaria.

Por último, queremos manifestar o compromiso do Concello de Pontedeume en procurar o equilibrio entre a preservación do noso patrimonio histórico e o benestar dos nosos veciños, estudando alternativas que poidan mitigar as molestias sen renunciar a esta valiosa tradición.

Infórmase que se pon en coñecemento do contido deste escrito a XXX.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente de queixa se considera afectado *“por el ruido nocturno del reloj del ayuntamiento, que suena cada 15 minutos”*, toda vez que, *“ El sonido constante y repetitivo durante la noche interfiere con nuestro derecho al descanso...”*, segundo manifesta no escrito que dirixe a esta institución da Valedora do Pobo.

Segunda: Céntrase pois, a problemática en que se basea esta queixa, na regulación en horario nocturno do son emitido cada 15 minutos polo reloxo da Casa Consistorial do Concello de Pontedeume. O seu promotor, presentara queixa no concello en maio do 2024 e ao non obter resposta solicitou a intervención da Valedora do Pobo, meses despois, en xullo do 2024.

Terceira: No informe remitido polo ente local, que finalmente quedou incorporado a este expediente, case un ano despois de que se solicitara, consta esencialmente que trátase dun elemento de gran valor patrimonial e histórico e que *“a actuación a realizar no reloxo para evitar o son nocturno, implicaría unha modificación profunda do mecanismo do reloxo, que ao seu parecer debería ser conservado no seu estado primixenio; un elevado custe económico, xa que non basta con desactivar un sistema, senón que sería necesaria a incorporación dun mecanismo electrónico novo que se sincronizase perfectamente co mecanismo do reloxo*

*orixinal; integración que resulta tecnicamente moi difícil que podería comprometer o funcionamento e a autenticidade do reloxo.”*

Cuarta: Valorado o escrito de queixa e o informe que remite o ente local, semellaría acaído subliñar a conveniencia de realizar un ensaio acústico ou comprobación a efectos de determinar o nivel de ruído que puidera xerar o reloxo cada quince minutos, en horario nocturno. Trataríase por conseguinte, no seu caso, de poder reducir o nivel acústico ata un límite tolerable na franxa horaria nocturna que puidera abarcar das 22 h ata as 8 h ; toda vez que nada consta no informe remitido polo ente local sobre este extremo.

Máis alá de que a nova regulación nocturna, que se puidera acometer a fin de silencialo pola noite, comporte un custo económico significativo, por non ser tecnicamente sinxelo, (para o que se podería valorar a procura de solucións vía subvención ou similar, en orden a substituír o mecanismo do reloxo); baseándonos no compromiso amosado por ese concello na liña de procurar un equilibrio entre a preservación do valioso patrimonio histórico e o benestar da veciñanza, estudando alternativas que poidan mitigar as molestias sen renunciar á tradición, que formularase a ese Concello de Pontedeume unha resolución.

O reto que ha de afrontar ese Concello é cohonestar o valor histórico do reloxo e o seu son, que segundo consta no informe remitido formaríase, podemos dicir, parte do patrimonio cultural inmaterial desa vila, co cumprimento que ten a obriga de garantir, das normas relativas ao dereito ao descanso da persoa promotora da queixa. Todo elo, aínda que con iso se contraría o desexo maioritario da veciñanza do municipio de manter a pervivencia dun determinado costume que consideran parte da súa tradición. Confiamos en que atopará a forma adecuada para preservar e harmonizar a esencia das devanditas tradicións, facéndoas compatibles co respecto aos dereitos que o ordenamento xurídico recoñece a todos os cidadáns ao descanso.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 18.g), non só contempla a protección contra a contaminación acústica como competencia propia dos entes locais, senón que tamén contempla o dereito dos veciños a esixir o exercicio desa competencia, polo que é obrigada a intervención municipal ante os problemas veciñais xurdidos por contaminación acústica.

Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais da cidadanía (art. 53.1 CE) e, por tanto, neste punto concreto dos ruidos que invaden os domicilios da veciñanza, as administracións

han de actuar dun modo eficaz para conseguir a súa recondución aos límites fixados polo ordenamento xurídico.

No caso dos municipios, por ser o primeiro nivel de actuación, así resulta das atribucións competenciais outorgadas pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local. Os municipios gozan para a protección dos dereitos da cidadanía de diversas potestades, entre as que se atopan as de inspección e sanción, debendo adoptar as medidas correctoras necesarias, con ou sen vinculación a un expediente sancionador e sen prexuízo do seu papel mediador nos casos nos que concorran diversos intereses da cidadanía, en aras da boa convivencia.

A intervención administrativa debe seguir o principio de legalidade, despois de que todas as actividades susceptibles de provocar molestias por ruído deben cumprir coas esixencias que establece o ordenamento xurídico, e no que a Administración non pode descoñecer o seu deber de intervención e control.

A Administración local non pode permanecer inactiva ante unha problemática de contaminación acústica como a exposta polo promotor deste expediente de queixa, de xeito que de verificar que se superan os decibelios por riba do tolerable, sería esixible a adopción de medidas correctoras para axustar o nivel acústico.

Non hai constancia de que o concello comprobara o nivel de emisión de ruído do reloxo municipal, nin as medidas adoptadas para contrastar as molestias denunciadas polo interesado.

En resumo, que co fin de compatibilizar o son emitido polo reloxo municipal da Casa Consistorial de Pontedeume, que forma parte da identidade, da historia, da cultura e da tradición desa vila e o dereito ao descanso do promotor deste expediente de queixa, formularase unha resolución.

Quinta: Sobre a diferenza entre son de campanas de igrexas e de reloxos, pódese mencionar a sentenza do *Tribunal Superior de Justicia de Navarra* núm. 67/2011, de 22 de febreiro de 2011, que distingue entre o son de campanas de igrexas e o dos reloxos a elas acoplados:

*“No obstante la Sala quiere realizar una precisión y es la de que, sin negarse esos usos y costumbres vecinales debemos distinguir entre las campanas de iglesias, y de los relojes a ellas acoplados....*

*Mas no se entiende así en su totalidad respecto del reloj. En este apartado, se puede comprender que habida cuenta de un uso no ya local sino global de la utilización del reloj individual, el aviso horario de la torre-*

*campanario a ella acoplado no tiene mayor razón de ser en su expansión sonora, sí del sonido, pero limitado. Nos referimos a que los avisos horarios del reloj, ante el uso social generalizado del elemento individual (de pulsera, cadena, electrónico, móviles etc.) ya no hace precisa esa expansión a 90 decibelios, con lo que en este apartado se puede y debe acomodar el límite sonoro a los términos del Decreto Foral 135/1989. En este apartado, por ende, asiste razón al recurrente, según el parecer de la Sala”.*

Pode tamén citarse a Sentenza do *Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León*, núm. 34/2002, de 1 de febreiro de 2002, na que se aborda a problemática, como a na que se basea esta queixa, na que malia a denuncia de veciñanza, non se efectuaron modificacións esenciais e eficaces ao fin de corrixir as molestias ocasionadas pola intensidade do nivel sonoro do reloxo, que supera os límites permitidos:

*“PRIMERO. El origen del presente recurso se encuentra en el funcionamiento de la sonería del reloj propiedad del Ayuntamiento de Villahoz y situado en la torre de la Iglesia de dicho pueblo y en concreto la intensidad del nivel sonoro que se le tiene atribuido por el propietario del mismo, desde su instalación en el año 1998, y que causa molestias a la parte recurrente, que ha denunciado dicha situación tanto al Ayuntamiento demandado, como a la Junta de Castilla y León y a la Guardia Civil, sin que desde la primera denuncia hasta la fecha se haya introducido modificación eficaz para corregir las molestias denunciadas.*

*El citado reloj, conectado a la campana de la torre de la iglesia de forma ininterrumpida a lo largo de todo el día y la noche emite las campanadas de cada hora y las medias con repetición, corrigiéndose esta última emisión.*

(...)

*CUARTO. (...) No cabe duda, que el sistema de funcionamiento que hace sonar la campana de la Torre de la Iglesia cuando las agujas del reloj municipal coinciden con las horas enteras y las medias, constituyen una instalación, que produce ruido, y que ese ruido supera los límites permitidos.*

(...)

*Por todo lo dicho y teniendo en cuenta que la instalación de sonido del reloj, supera los máximos permitidos en las emisiones de ruido, se estima el recurso en todas sus partes (...).”*

Aplicando a xurisprudencia ao caso obxecto desta queixa, resulta que:

- O que motiva a queixa é o repique horario, catro veces por hora, incluído a noite. É dicir, é un foco de ruídos dunha frecuencia e constancia fóra de dúbidas.



- Que cómpre acreditar que ese repique está dentro dos límites máximos de contaminación acústica segundo a normativa de aplicación.
- Que procede por tanto a adopción de medidas correctoras, correspondendo a ese Concello, previos os informes técnicos oportunos, a adopción de medidas correctoras para garantir o cumprimento dos límites acústicos previstos na normativa de aplicación.

En consecuencia, corresponde a ese Concello de Pontedeume, a adopción das medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica recollidos na normativa de aplicación e unha vez acreditado a superación dos límites de ruído segundo o ensaio acústico que se practique, adoptar as medidas que procedan para corrixilo.

Sexta: Así, neste contexto, cómpre lembrar que a veciñanza, ten dereito a protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

A persoa que presentou a queixa e que sofre molestias derivadas da problemática do ruído xerado polo reloxo municipal en horario nocturno, está demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

Resta sinalar que o Concello de Pontedeume non conta con ordenanza de protección fronte a contaminación acústica, polo que conviría lembrar e que en cumprimento do establecido no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda elaborou unha proposta de ordenanza, co obxecto de facilitar aos concellos galegos que así o dispoñan e de conformidade coa tramitación correspondente no ámbito da normativa local, a elaboración da súa propia ordenanza contra a contaminación acústica.

(*vid.* ORDE do 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia. DOG nº 238 de 14 de decembro do 2018)

## CONCLUSIÓN



Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Pontedeume a seguinte **recomendación**:

*Que respectando á autonomía local, verifique os niveis dos ruídos das campás do reloxo do concello en horario nocturno, e de ser o caso que os superen, dentro da súa capacidade organizativa e orzamentaria, ordene as correccións que resulten precisas para axustalos aos niveis de calidade acústica esixibles, acudindo, no seu caso, a vías de cooperación e adoptando as medidas que procedan.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo (en funcións)